

Presentación

Desde hai uns anos son cada vez máis frecuentes os estudos sobre diversos aspectos das actividades femininas, nun amplo abano no que se poden observar os máis diferentes enfoques. Con esta achega, os autores pretenden facer a súa contribución ao avance e maior coñecemento deste tipo de colectivos, que tanto contribuíron ao desenvolvemento económico e social, e aos que non se lles ten prestado a debida atención e investigación.

As mulleres coruñesas, paseniñamente, sen facer demasiado ruído, como a choiva do orballo que vai caendo até mollar, e mesmo empapar, loitaron desde distintas fronteas para ir acurtando as distancias que as separaban dos homes nos ámbitos laborais, salariais e políticos ao longo do primeiro terzo do século XX, unha esperanzadora traxectoria que quedou truncada en 1936. Ao longo das páxinas que seguen poden atoparse numerosos exemplos desta loita, case silenciosa unhas veces, pero tamén sonora e combativa outras, e que permiten complementar e matizar as visións máis panorámicas elaboradas por historiadores como G. Brey, E. Garrido, M. González Probados, D. Pereira ou J. M^a Palomares.

O presente estudo aborda aspectos relacionados coas asociacións que constituíron as mulleres coruñesas desde finais do século XIX até 1936, centrando a súa atención en dous campos diferenciados: a actividade da muller proletaria e a da muller burguesa; a primeira no campo do traballo e da organización sindical, e a segunda no ámbito das organizacións de corte máis político e benéfico-cultural. Non quere dicir isto que se trate de dous ámbitos excluíntes nin pechados para unhas e outras, senón que se aprecia claramente a diferente condición social das integrantes de cada unha das organizacións analizadas e incluídas en cada un dos grandes campos de estudo. Os autores queren advertir que a súa atención e investigación está centrada nos colectivos de carácter progresista, entendendo que os de filiación conservadora, especialmente os de carácter político que actuaron durante a II República, xa teñen sido estudados polo historiador Emilio Grandío.

A Coruña destacou, como non podía ser menos pola súa composición socio-económica e ideolóxica, na fundación de organizacións sindicais nas que as mulleres foron o seu elemento básico, cando non exclusivo, tanto no mundo do traballo –nas fábricas, no porto, no servizo doméstico...– como en organizacións políticas e feministas. O simple listado destas organizacións pode sorprender ao lector e á lectora que non coñeza a dinámica e traxectoria desta cidade que sempre se distinguiu polo seu liberalismo e republicanismo, ademais de contar con destacados defensores do laicismo, librepensamento e masonaría, sen esquecer a potente organización sindical na que pugnaban as principais ideoloxías –anarquismo e socialismo– por atraerse ao maior número de traballadores ás súas filas.

As fontes documentais consultadas responden a dous tipos: a prensa de época e os fondos de arquivo. En ningún dos casos a documentación conservada permite reconstruír, como sería o noso desexo, a vida e actividades das organizacións agora analizadas, polo que este tipo de estudos sempre resulta incompleto e parcial. Na transcripción das fontes documentais optouse pola actualización da súa grafía para facilitar a súa lectura, agás as que orixinariamente están escritas en galego. Nesa mesma liña figura unificada a grafía do topónimo da cidade como La Coruña, aínda que o máis habitual é que figure o artigo con letra minúscula.

Non queremos rematar esta presentación sen antes agradecer a información facilitada e as atencións prestadas por Teresa Molares e Aurora Marco, grandes coñecedoras das vidas e actividades de mulleres galegas; polos estudosos do anarquismo galego Eliseo Fernández e Dionisio Pereira; polas amigas e amigos da Biblioteca de Estudos Locais, do Arquivo Municipal e do Arquivo do Reino da Galicia, sempre tan pacientes e atentos, e por todos os amigos e coñecidos que, no transcurso da investigación, nos facilitaron datos concretos ou nos indicaron posibles liñas de localización de datos.

I. A muller traballadora e a súa loita pola asociación

O presente capítulo está centrado e dedicado ás mulleres que realizaron un traballo asalariado fóra da súa casa, a aquelas que realizaron a dobre xornada do traballo doméstico e a do extradoméstico, pois este último sempre foi, para as mulleres do período analizado, como unha segunda xornada laboral realizada a maiores das tarefas imprescindibles do coidado da casa e da familia. A enorme variedade de traballos que as mulleres realizaron fóra do seu fogar, ademais da escaseza ou total ausencia de fontes documentais sobre algúns deles, obríganos a centrar a atención de modo preferente naqueles colectivos que, tanto polo seu número como polo nivel de conciencia societaria lograda, conseguiron formar asociacións ou sindicatos de clase desde os que loitaron por mellorar a súa condición de asalariadas.

Desde sempre as mulleres realizaron traballos fóra dos seus fogares, especialmente en tarefas relacionadas coa obtención do necesario alimento –caso das tarefas agrícolas– pero agora imos centrar a nosa atención sobre uns colectivos específicos: as mulleres asalariadas na cidade da Coruña desde finais do século XIX até o inicio da Guerra Civil de 1936. Xa que logo, a mirada está dirixida ao traballo realizado fóra da casa e polo que a muller consegue un xornal, non entrando noutros aspectos tan interesantes como o seleccionado, tales como o propio traballo dentro do fogar polas amas de casa ou o realizado por relixiosas dentro dos seus conventos.

A introdución da máquina na industria trouxo, entre outras moitas consecuencias, que as obreiras tivesen que abandonar o taller doméstico e trasladarse ás novas instalacións. Esta nova situación orixinou profundos cambios sociais e nas relacións familiares, por canto a muller, até entón centrada no traballo no seu fogar, debía agora exporse a novas vivencias e, para algúns moralistas, a perigos e riscos superiores ás vantaxes que puidese producir o salario gañado co seu esforzo. Foron moitas as voces que reclamaron a prohibición do traballo das mulleres nas fábricas, considerando este inicuo e perturbador baixo o aspecto moral e económico, pero a realidade acabou por impoñerse e, en lugar de prohibirse, o que se tivo que facer foi regulamentar este traballo feminino e ir elaborando leis que evitasen os abusos e mellorasen a condición das obreiras. Entre as principais leis de comezos do século XX referidas ao traballo das mulleres, destaca a de 1900, complementada posteriormente coa lei da xornada máxima de once horas. En 1908 fíxose unha clasificación das industrias e os traballos nos que se prohibiu o emprego de mulleres e nenos menores de 16 anos. En 1911 aprobouse o contrato de aprendizaxe. A lei de 1912 fixo obrigatorio facilitar asento ás traballadoras en tendas en almacéns, aínda que esqueceu ás traballadoras das industrias. Nese mesmo ano quedaba prohibido o traballo nocturno de mulleres en talleres e fábricas. En 1921 implantouse o seguro de velez para os traballadores de entre 16 e 65 anos que percibisen un salario anual inferior ás 4.000 pesetas. Sobre a protección á maternidade, a lei de 1900 establecía un descanso antes e despois do parto, condicións melloradas nas leis de 1907 e 1923; esta última establecía a asistencia médica gratuíta durante o embarazo e un subsidio de 50 pesetas por cada nacemento. A lei de accidentes de traballo de 1900, referida fundamentalmente á industria, establecía a responsabilidade patronal nos posibles accidentes laborais e o dereito a indemnización das vítimas; porén, tiña un carácter voluntario para

o empresario, de modo que podía asegurarse ou non. Por outra parte, o incumprimento destas leis era habitual e recoñecido publicamente polas autoridades que, como no caso dos alcaldes, reiteraban de modo sistemático, mediante circulares e bandos, a obriga de cumprir as normas por parte dos patróns, destacando os referidos á lei do descanso dominical de 1905. [AMC. C-2485 Comisión de Reformas Sociais].

- *Como en el período preindustrial se pensaba que las mujeres compaginaban con éxito la actividad productiva y el cuidado de los hijos, el trabajo y la vida doméstica, se dijo que el supuesto traslado en la localización del trabajo hacía difícil tal cosa, cuando no imposible. En consecuencia, se sostenía, las mujeres sólo podrían trabajar unos períodos cortos de su vida, para retirarse del empleo remunerado después de casarse o de haber tenido hijos, y volver a trabajar luego únicamente en el caso de que el marido no pudiera mantener a la familia. De esto se seguía su concentración en ciertos empleos mal pagados, no cualificados, que constituían el reflejo de la prioridad de su misión maternal y de su misión doméstica respecto de cualquier identificación ocupacional a largo plazo.*

J.W. SCOTT. *La mujer trabajadora en el siglo XIX*. 1993:406.

Todos os historiadores coinciden nas súas conclusións sobre as razóns polas que as mulleres, formando colectivos numericamente significativos, se viron na necesidade de saír a traballar fóra dos seus fogares: complementar o xornal do cabeza de familia, aumentar o insuficiente xornal do obreiro. A máis completa sistematización destas razóns podemos atopala, para o caso español e coruñés, nas contestacións dadas ao cuestionario elaborado pola Comisión de Reformas Sociais e que foi informado por numerosos grupos e individuos entre 1889 e 1893. A maioría das respostas á pregunta do formulario relacionada co traballo extradoméstico das mulleres insisten nesta idea: a muller busca traballo fóra do fogar por aumentar o haber da súa familia debido á insuficiencia do xornal do cabeza de familia. Aínda que as mulleres realizaron moi variados traballos asalariados, porén en todos os casos son detectables unha serie de trazos característicos deste tipo de traballos, entre os que destacan:

- ▶ O menor salario que os homes por igual traballo e xornada (entre un terzo e a metade).
- ▶ Maior dependencia dos patróns, que incumpren de modo máis reiterado as regulamentacións e as leis. Sirva de exemplo a Memoria da Inspección de Traballo de 1908 que afirmaba que, no ano anterior, *la casi totalidad de los talleres y fábricas utilizaban el trabajo de la mujer fuera de los términos legales*.
- ▶ Forte dependencia da autoridade e ideoloxía dos pais e maridos; maior submisión que os seus compañeiros masculinos ás decisións de patróns e encargados.
- ▶ Maior incidencia das crises de todo tipo sobre os salarios e os postos de traballo.
- ▶ Lenta e tardía incorporación aos movementos reivindicativos e asociativos, en gran parte motivada pola oposición dos seus propios compañeiros de traballo.
- ▶ Escasa participación nas xornadas reivindicativas xerais, caso do Primeiro de Maio, así como en moitas das folgas xerais que se viviron na cidade da Coruña. Sobre este particular cómpre ter en conta un dato moi importante: os salarios das mulleres que non se sumaban ás folgas dos seus maridos e fillos permitiron, na maioría dos casos, pola falta de caixas de resistencia potentes, que eles puidesen manter durante días e meses as múltiples folgas que fixeron da Coruña unha das cidades máis conflitivas da España da Restauración.

Por outra parte, na maioría das fábricas estiveron vixentes unha serie de normas e tradicións que mesmo, en varios casos, chegaron a incluírse nos seus regulamentos, como era o dereito preferente de entrada de fillas das traballadoras para ocupar postos na fábrica, de modo que era frecuente que na mesma factoría estivesen xuntas até tres xeracións de mulleres da mesma familia. Até a implantación da xornada máxima de oito horas en 1919 era moi frecuente que as traballadoras puidesen axustar a súa xornada laboral con flexibilidade para a entrada e saída, de modo que compaxinasen a dobre tarefa dentro e fóra do fogar. Outra característica do traballo feminino era que se realizaba por obra feita, tanto nas fábricas como fóra delas. Este tipo de traballo e o seu correspondente salario interesaba ás mulleres, por canto podían compatibilizar mellor que cunha xornada de horario fixo as restantes tarefas domésticas. Esta foi unha importante razón pola que a maioría das mulleres non participaron nas celebracións e paros do Primeiro de Maio que reivindicaban, como obxectivo prioritario, a xornada de oito horas.

Os economistas políticos do século XIX consolidaron as teorías dos séculos precedentes defendendo a idea de que os salarios dos homes debían ser suficientes para soste á familia, pero os das mulleres debían ser suficientes para atender unicamente ao seu propio sustento. Tendo en conta que a medida do valor era o diñeiro, o salario que realmente importaba era o do pai de familia; o traballo das mulleres non era significativo, pois non se tiña en conta o realizado na casa e o conseguido fóra dela era tan reducido que tiña un valor económico moi escaso. Os economistas xustificaban a existencia de dous tipos de salarios en función do sexos dos traballadores pero, ao mesmo tempo, estes percibían ás mulleres como un perigo que podía rebaixar o propio salario, polo que prefiren que se queden na casa, ademais das consideracións morais que podían argumentar sobre os perigos que pode ocasionar que a muller permaneza tantas horas fóra da casa. Evidentemente, por aquelas datas non atoparemos aínda argumentos a favor de compartir as tarefas domésticas, que deben ser realizadas exclusivamente polas mulleres.

- *Además de la competencia que por el actual sistema de producción hace el obrero contra su propio hermano, surge otra más terrible, la mutua que se hacen los de sexos diferentes.*

La obrera está peor que el trabajador. Gana menos, trabaja más y consume lo propio. Y no solo ocupa el taller de fuera, le queda para después el suyo, el único que debía tener, mientras haya familia individual: el de su casa.

Triste disyuntiva la de hoy. Si la mujer e hijas del obrero no van al obrador o a la fábrica, ¿cómo habrá lo suficiente para todos con el mezquino jornal del hombre, de uno solo? Si va vuestra pobre compañera a ganar una peseta por diez y seis horas o más de fatiga, ¿quién cuida del menaje y de los niños, quién prepara el alimento de todos?

UN HAMBRIENTO. "Emancipación de la mujer", *El Corsario*, 25-10-1891.

- *El trabajo de la mujer del obrero es complicado, fatigoso e improductivo. Atiende mal el servicio casero y a sus hijos, porque en la necesidad de adquirir un aumento al jornal de su marido abandona su vivienda, y unas veces en las fábricas de tabacos, en las de fósforos, tejidos, salazón, en algunos talleres y en el servicio de mandaderas y asistentes pasan las horas desde muy temprano hasta la noche con muchas privaciones para ganar la corta retribución de 3, 4 o 6 reales diarios, y no en todas las ocasiones.*

De aquí que con esta vida afanosa la moralidad, así de la soltera como de la casada, tropiece con tentaciones que suelen producir funestísimas consecuencias. La relación entre el salario del obrero y de la mujer está siempre en contra de ésta en la relación de 1 a 3.

Fernando RUBINE. "Informe de 15-1-1884" en *Reformas sociales. Información oral y escrita*.1893:35.

Polas razóns anteriormente citadas, as mulleres tardaron moito máis que os homes en asociarse sindicalmente para tentar mellorar as súas condicións salariais e laborais. Porén, desde datas temperás, podemos localizar chamadas desde a prensa escrita animándoas a facelo.

■ **La mujer de hoy**

La avaricia burguesa lleva al taller y a la fábrica a la mujer y al niño, considerándoles más débiles para resistir a las imposiciones del capital; y bajo el pretexto de que con el salario que éstos recogen pueden ser más llevaderas las necesidades del hogar y la familia, da el repugnante y triste espectáculo de que entre los seres más queridos se disputen con encarnizamiento odioso el vil jornal, que debido a la competencia, baja y baja, haciendo más miserable la situación del pueblo trabajador. (...)

¿Es posible que después de un trabajo pesado y continuo de catorce a diez y seis horas, con una mala alimentación, puede la mujer más amante y honrada, dedicarse gozosa al cuidado de sus hijos y al aseo de su hogar? (...)

Sí; hoy la mujer está considerada únicamente como mera nulidad, sin nombre ni valor (...). Sí; sólo está considerada como medio de placer o instrumento de explotación. Sí; no se la guarda consideración alguna (...). Por eso debe la mujer afiliarse a las sociedades de resistencia, que ponen a raya la explotación capitalista; infiltrarse en los verdaderos principios de socialismo, única idea que la conducirá al bienestar que aspira, y en unión de los demás obreros, luchar, pero con la denonada fiereza de la madre que defiende sus hijos, en contra de la avaricia patronal, sirviendo de alimento y ánimo a todos los compañeros que se sacrifican en pro del mejoramiento de las clases trabajadoras.

M^a TELL. "La mujer hoy", *El Corsario*, 11-10-1891.

■ **A asociarse**

A las compañeras conserveras y descargadoras del puerto. Salud.

A vosotras, las que tanto en la fábrica como en las faenas de carga y descarga en la zona del puerto sois víctimas de la más dura explotación conocida, es a quien me dirijo hoy para que os fijéis por un momento en vuestra situación actual y comprendáis que sois dignas, como la que más, de disfrutar del respecto y consideración a que tenéis derecho como seres humanos.

Fijaos en las tardes de tiempo apacible en esas señoronas que sin producir cosa alguna (...) se distraen en el Muro y la Palloza en veros a vosotras, aplastadas debajo de los cestos de carbón, sal o mineral, o de grandes cestas de pescado, todo el día trabajando por un sueldo tan mezquino que jamás puede permitir os poder comer como lo exige la clase de trabajos a que os dedicáis ni proporcionaros el abrigo necesario para cubrir vuestras carnes quemadas por los rayos del sol unas veces, ateridas por el frío otras y las más codiciadas por esos desocupados que viven a costa del pueblo y se entretienen en veros reventadas por esas descomunales cargas. (...)

Vosotras, que en el hogar compartís con vuestros padres, con vuestros hermanos, con vuestros esposos e hijos las fatigas de la vida, es necesario que también compartáis la vida colectiva dentro de las asociaciones de resistencia para que nos ayudéis y ayudadros a defendernos todos los proletarios de nuestros opresores.

Venir, pues, a nuestro lado y veréis como seréis más respetadas, menos duro el trabajo y más retribuido, y en un día no lejano podremos conseguir acabar con tanta explotación.

Manuel MARTÍNEZ PÉREZ. "A asociarse", *Germinal*, 10-6-1905.

As mulleres desempeñaron na Coruña numerosísimos traballos e a súa achega ao desenvolvemento económico e social da cidade era recoñecida por todos. Na prensa local publicábanse, con certa frecuencia, cartas, editoriais e artigos do estilo do que segue.

■ **El trabajo de la mujer**

El estudio del trabajo de la mujer en La Coruña es sin duda muy curiosa y hasta muy conveniente desde ciertos puntos de vista. Que ellas con su labor oscura, modesta, atenúan en buena parte el problema social en nuestro pueblo, desvanecen las negruras en la casa de que sin su ayuda se enseñorearía la miseria y hacen menos cruel el eterno conflicto de la carestía de la vida, es incuestionable.

A millares trabajan en la fábrica de tabacos, en la de tejidos, en la de fósforos, en las de salazón, en los muelles, en los desmontes, y en todas partes donde haya modo honrado de ganarse una peseta.

¿Cuántas son? ¿Cuánto ganan? ¿A cuántas vidas atienden con el producto de su penosa tarea? No importa de momento, pero son muchas, muchísimas, y su esfuerzo es altamente beneficioso a la sociedad y al sostén de infinitos seres.

Consuelo del hogar, encanto de la vida tiene la mujer en este doble aspecto de su abnegación y de su material sacrificio mediante el cual contribuye a las atenciones de su casa, un nuevo título de estimación y de general respeto.

Tiempo hay para ahondar en la cuestión. Compadecemos y admiremos mientras tanto a estas modestas obreras del taller, de la cantera, del arroyo, ante las que cruzan indiferentes, paseantes y desocupados.

La Voz de Galicia, 22-2-1905.

A partir dos datos proporcionados polos padróns de habitantes, entre os anos finais do século XIX e comezos do XX, moitas mulleres seguían realizando na súa casa numerosos traballos de carácter manufactureiro, a maioría deles relacionados co sector téxtil (costureiras a máquina, encaixeiras, fiandeiras, calceteiras, bordadoras, tecedoras, modistas, guanteiras, guarnecedoras...). Elevado era tamén o número de empregos no servizo doméstico desempeñado nas acomodadas casas da burguesía coruñesa. Minoritarios, pero con presenza documentada, eran os traballos desempeñados por mulleres en actividades relacionadas co teatro, a música ou o funcionariado. Nestas datas, as porcentaxes de poboación activa feminina indicaban unha ocupación do 63% en servizos; 31% no sector secundario; 3% no comercio; 2% no sector primario; 1% funcionarias [F.Blanco Louro,1996:213].

O número total de mulleres asalariadas é moi difícil de concretar, pero todos os datos aproximativos evidencian que, na Coruña, eran un colectivo moi superior ao dos homes. Evidentemente, neste resultado eleva extraordinariamente o número das mulleres as cigarreras da fábrica da Palloza, pero aínda así era superior o colectivo feminino ao masculino. Segundo *La Voz de Galicia* de 11 de xullo de 1905, estes eran os datos da poboación activa coruñesa nese momento: en tabacos: 48 homes e 2.561 mulleres; en tecidos: 280 mulleres e 36 homes; en fósforos: 10 homes e 70 mulleres; nas fábricas de escabeches: 39 homes e 126 mulleres; nas de madeiras: 233 homes; nas de fundición: 85 homes; na de gas e electricidade: 113 homes; na litografía: 45 homes. Total: 736 homes e 3.034 mulleres, pero é só unha aproximación, pois unicamente nas fábricas das salgadasuras podían ser o dobre.

A realización dunha cala nos libros de accidentes de traballo de comezos do século XX permítenos coñecer unha serie de datos relativos ás mulleres traballadoras das fábricas, tales como: as idades das traballadoras, o seu estado civil, os salarios percibidos, os tipos de lesión máis frecuentes, o tempo das baixas e a percepción ou non dalgún tipo de indemnización. Da súa análise dedúcese o elevado grao de lesións das tecedeiras, case sempre ocasionadas por contusións provocadas polas máquinas; a presenza masiva de mulleres solteiras; as diferenzas de salarios segundo o traballo realizado, e a situación en que quedaban as lesionadas

segundo a empresa para a que traballaban contase ou non con póliza de seguro para estes casos. As traballadoras da fábrica de fiados e tecidos *Primera Coruñesa*, que é da que se rexistraron máis lesións de mulleres neses anos iniciais do século XX, recibían unha indemnización da compañía *Sociedad Hispania*; no caso da compañía de Ferrocarril do Norte, era a propia empresa a que se facía cargo destes gastos.

Ano	Idade	Oficio	Salario (pts)	Estado civil	Lugar	Lesión	Baixas	Indemnización (pts)
1906	28	tecedeira*	1,75	viúva	fábrica	contusión entre rodillos	temporal	17
1906	14	xornaleira	1,50	solteira	peirao	contusión por caída	temporal	6
1906	22	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión	temporal	16
1906	20	fiadeira*	1,50	solteira	fábrica	contusión	temporal	22
1906	20	xornaleira	1,00	solteira	peirao	contusión por caída de pedra	temporal	9
1906	24	xornaleira	1,80	solteira	peirao	rotura de maxilar	temporal	
1906	22	billeteira	1,38	solteira	ferrocarril	contusión por agresión	temporal	9
1907	20	xornaleira	2,00	solteira	peirao	contusión por caída de ferro de pasar	temporal	
1907	20	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	
1907	16	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	
1907	23	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	
1907	19	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	
1907	23	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	24
1907	19	fiadeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por máquina	temporal	20
1907	17	fiadeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por cilindro	temporal	24
1907	29	tecedeira	1,75	casada	fábrica	contusión por unha prensa	temporal	20
1907	24	xornaleira	2,00	casada	peirao	contusión por un vulto	temporal	18
1907	17	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por un cilindro	temporal	24
1907	48	xornaleira	2,00	viúva	peirao	ferida por caída	temporal	23
1907	17	fiadeira	1,50	solteira	fábrica	ferida por máquina	temporal	
1907	25	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por máquina	temporal	68
1907	23	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	6
1907	17	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	20
1907	17	fiadeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	17
1907	16	fiadeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por lanzadeira	temporal	7
1909	23	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	contusión por martelo	temporal	
1909	21	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	59

Ano	Idade	Oficio	Salario (pts)	Estado civil	Lugar	Lesión	Baixas	Indemnización (pts)
1909	16	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	
1909	16	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	5
1909	41	tecedeira	1,75	casada	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	
1909	21	xornaleira	2,00	solteira	peirao	luxación	temporal	75
1910	22	xornaleira	2,00	solteira	peirao	luxación	temporal	48
1910	22	fiadeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	35
1910	19	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	7
1910	20	xornaleira	2,00	solteira	peirao	contusión por caída	temporal	5
1910	70	xornaleira	2,00	solteira	peirao	contusión por caída	temporal	
1910	20	tecedeira	1,75	solteira	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	
1910	28	tecedeira	1,75	casada	fábrica	ferida por lanzadeira	temporal	8
1910	29	xornaleira	2,00	casada	peirao	contusión por caída	temporal	5
1910	20	xornaleira	2,00	solteira	peirao	contusión por ferro de pasar	temporal	10
1910	24	xornaleira	2,00	casada	peirao	contusión por caída	temporal	24
1910	19	xornaleira	2,00	solteira	peirao	contusión por caída	temporal	21

*Todas as tecedeiras e fiadeiras pertencen á fábrica *Primera Coruñesa*

[Datos do ARG. FGC. Libros de Accidentes de Trabajo. L-5085, 5086, 5087]

Aínda que existe algún exemplo illado de organización de carácter sindical formado por mulleres traballadoras nos inicios do século XX, non foi até os anos da I Guerra Mundial cando se formaron na Coruña os máis importantes sindicatos que agrupaban a colectivos nos que a man de obra feminina era maioritaria. Foron as dificultades que provocou a guerra, especialmente a carestía da vida e a escaseza de materias primas para as industrias, as que fixeron sentir ás mulleres a necesidade de formar organizacións desde as que reivindicar melloras salariais e laborais para poder soportar aqueles difíciles anos. Deste modo, durante as folgas de finais de 1916 e agosto de 1917, figuran xa varios colectivos femininos participando nos acontecementos a través das xuntas directivas dos respectivos sindicatos, ademais de aumentar de modo moi considerable o número de mulleres traballadoras asistentes a actos reivindicativos convocados polas executivas dos sindicatos masculinos. Con motivo da folga de agosto de 1917, ademais de destacados personaxes da vida política municipal e líderes sindicais, foron detidas 22 mulleres; aínda que non constan os motivos concretos destas detencións, o máis probable é que foran destacadas participantes e alentadoras da folga [AMC. C-2684].

Na Coruña tiveron organización sindical propia case todas as fábricas que contaron con man de obra maioritariamente feminina. Tamén foi habitual que nestas fábricas se formasen, ao longo da súa existencia, varios sindicatos vinculados ás tendencia dominantes –uxetista, cenetista–, enfrontados en múltiples ocasións polos medios a empregar para conseguir as melloras.

A documentación conservada sobre as organizacións sindicais femininas non é similar para todas elas, polo que resulta imposible estudar coa mesma profundidade todas elas. A conservación dos regulamentos fundacionais dos sindicatos, as actas ou informes das xuntanzas celebradas polas xuntas directivas, as noticias recollidas pola prensa, a realización de folgas, a participación en actos reivindicativos... son as bases para a realización de estudos sobre

estes colectivos. Pero resulta que, en demasiadas ocasións, a conservación deste tipo de datos é mínima, polo que as dificultades poden resultar insalvables. Todo isto explica o diferente tratamento que neste traballo se dá aos diferentes colectivos e ás organizacións por eles fundadas.

1.1 As obreiras das fábricas

A cidade da Coruña ofrecía ás mulleres un elevado número de postos de traballo nun determinado tipo de fábricas nas que o elemento feminino eran absolutamente maioritario: na Fábrica de Tabacos, nas de mistos, de tecidos e as relacionadas coas pesca, salgadasuras e conservas.

As traballadoras destas fábricas presentaban algunhas notas comúns a todas elas, ademais da máis destacable que era a composición do cadro de persoal dominado por mulleres, entre as que destacan as seguintes:

- ▶ O pagamento do seu traballo segundo a obra feita. Esta circunstancia explica, en boa medida, a escasa participación das mulleres das fábricas nas reivindicacións do Primeiro de Maio de loita polas oito horas de xornada máxima, unha xornada que polo tipo de traballo a obra feita non lles favorecía. Por similares razóns, tampouco se mostraron moi participativas nas múltiples folgas xerais que se viviron na Coruña con anterioridade a 1936; porén, o feito de que as mulleres seguisen traballando mentres os seus maridos e fillos estaban en folga, explica tamén a duración de moitas delas, duración que non sería factible soste se non entrase na casa o xornal das mulleres.
- ▶ As diferenzas salariais con respecto aos salarios dos seus compañeiros, entre un terzo e a metade menor. Porén, esta situación de discriminación non deu lugar a folgas de protesta para que se igualasen.
- ▶ As formas de protesta empregadas polas mulleres das fábricas foron, polo menos até ben entrado o século XX, máis espontáneas e viscerais –motín– que organizadas previamente –folga–. Entre os motivos de protesta destacaban os relacionados con abusos de autoridade por parte dos xefes e a falta ou mala calidade da materia prima que laboraban; non faltaron tampouco, pero en menor proporción, as demandas de aumentos salariais, en apoio a outros colectivos en folga, ou pola tensión e rivalidade orixinada entre sindicatos propios pero de diferente signo ideolóxico.
- ▶ A convivencia, dentro da mesma fábrica, de varias xeracións de mulleres da mesma familia, pois, como xa dixemos, en todas as fábricas existía o dereito preferente das fillas das que xa estaban dentro para entrar na fábrica cando esta precisaba de novas operarias. Así como nos homes era habitual cambiar de fábrica ou mesmo de oficio ao longo da súa vida, no caso das mulleres das fábricas non se daba esta situación; deste modo, un elevado número de mulleres podía superar os 60 anos de permanencia na mesma factoría, se temos en conta que entraban sendo unhas nenas de 9 ou 10 anos e que traballaban até que o corpo aguantase. A prensa local recolle en moitas ocasións a noticia de que unha traballadora anciá falecera mentres traballaba. Cando se entraba na fábrica, era para toda a vida.

- ▶ A tardanza en asociarse sindicalmente, situación que obedecía a varias razóns, pero entre as que non hai que esquecer a oposición que, nalgúns casos, ofrecían os seus compañeiros a deixalas asociarse, tanto formando novas organizacións como permitiéndolles asociarse nas xa existentes formadas por homes. As cigarreiras foron as que lograron organizarse con máis eficacia, alcanzando melloras salariais e laborais que lles permitiron gozar dunha situación moi vantaxosa con respecto ao resto dos colectivos femininos das restantes fábricas.

Cigarreiras

As cigarreiras coruñesas formaron o maior colectivo de traballadoras de toda Galicia reunidas nunha soa fábrica, a Real Fábrica de Tabacos instalada na Palloza, e que estivo en funcionamento durante case douscentos anos.

A orixe desta fábrica remóntase a comezos do século XIX, posiblemente a 1804, cando se comezou a elaborar tabaco nas dependencias que deixaron baleiras o servizo dos Correos Marítimos que foron trasladados a Ferrol. Na rúa Primavera aínda se poden ver hoxe algunha das primitivas edificacións.

Desde esa data inicial, a fábrica foi aumentando edificios en función das novas necesidades; en 1828 comezouse a edificar o que sería o edificio principal –a fábrica nova– que sufriu numerosas ampliacións e melloras até quedar completada a comezos do século XX. As reformas e ampliacións máis significativas tiveron lugar durante 1845-47, 1882 e 1904-10.



Fábrica de Tabacos no areal da Palloza. 192? [AMC]

- *En el día debemos colocar por su extensión e importancia a la cabeza de las que posee La Coruña, la fábrica nacional de cigarros de la Palloza, que ocupa dos vastos edificios y un terreno grande y cercado, local en otros tiempos de los Correos Marítimos. Al trasladarse éstos a Ferrol en el año de 1802, se pensó en la creación de esta fábrica que, en efecto, empezó a trabajar el de 1804, en el edificio mási inmediato al mar; en 1828 se construyó el otro, y en el día [1845] siguen sus elaboraciones dando ocupación a dos mil doscientas operarias, lo cual la constituye en una de las principales de su clase en el Reino.*

Enrique VEDÍA Y GOOSENS . *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*. 1845:223.

- *Está dividida en varios edificios, siendo los principales el llamado Fábrica Vieja y la Nueva. El primero de figura rectangular en su centro con dos alas a derecha e izquierda, ocupa una superficie de 29,269 pies cuadrados; tiene taller capaz para 1.760 mujeres, un oreo que admite 21.400 libras de tabaco en 85.600 atados de cigarro, y un almacén para 200 barricas, quedando suficiente espacio para distribuir el tabaco a las cuadrillas y demás operaciones, así como el suficiente local para las oficinas: el segun-*

do, o Fábrica Nueva, está enteramente aislado y al Sur del anterior: su figura es rectangular sobre una área de 10.520 pies cuadrados; en su taller trabajan 640 cigarreras, en el oreo caben 8.000 libras o 32.000 atados, y en su almacén pueden colocarse 360 barricas; los otros edificios son el almacén titulado de San José o del Prado, capaz de 1.000 barricas; el llamado del Muelle que está reducido a la mitad, pero que admite 480 barricas; tres almacenes insignificantes, por su mal estado y cuatro casas ruinosas. Todos se hallan comprendidos en el circuito de una muralla de 4.760 pies de long. y 14 de elevación, con dos muelles propios del establecimiento, si bien el comercio utiliza uno de ellos en razón a que aún en las mareas bajas le baña el agua y pueden atracar las gabarras.

Pascual MADDOZ. Voz "Coruña", *Diccionario Geográfico, Estadístico e Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. 1847.



Escultura de M^a Jesus Uργοiti dedicada ás cigarreiras na Praza da Palloza, 2005.

O 25 de xuño de 1920 un devastador incendio destruíu gran parte das instalacións da fábrica, ademais dunha importante cantidade de tabaco. Houbo que agardar a 1924 para que se reparasen os danos, pero nese mesmo ano comezou a construción dun gran almacén para tabaco en rama que aínda se conserva. Ao tempo que se melloraban e ampliaban as instalacións da fábrica, tamén se modificaba o seu contorno; a praza da Palloza deixaba de ser un areal onde varaban as barcas e os peiraos gañaban ao mar terreos para que puidesen atracar barcos de maior calado, de modo que o edificio da fábrica nova xa non quedaba bañado polo mar.

A derradeira actuación destacable foi a construción dunha nova planta para os procesos automatizados que foi inaugurada en 1985; a nova maquinaria aumentaba extraordinariamente a capacidade de produción da Palloza, ademais de mellorar a calidade dos seus produtos. Segundo declaracións do seu director durante a inauguración das novas instalacións, entre a nova maquinaria estaba a liadora que podía producir 7.200 cigarros por minuto; a empaquetadora, 380 paquetes por minuto; a cartoneira, 45 cartóns nun minuto. Da fábrica podían saír 17 millóns de paquetes de cigarros, aumentando así a súa produción de 23 millóns de paquetes mensuais a 40.

En 1989 foi inaugurada a renovada praza da Palloza na que se instalaba a escultura de María Jesús Uργοiti dedicada á cigarreira. Porén, e por decisión de Altadis¹, a decana das fábricas coruñesas pechaba as súas portas o 31 de decembro de 2002.

1 A elaboración e explotación comercial do tabaco foi un monopolio do Estado; en 1887 cedese á Compañía Arrendataria de Tabacos o seu arrendo cun contrato co Estado que foi renovado en varias ocasións; en 1945 naceu, coa mesma función, Tabacalera. A entrada de España na Unión Europea e a prohibición da existencia de monopolios no seu ámbito fixo que en 1996 o Goberno puxese en marcha o proceso de privatizacións de compañías participadas polo Estado, entre as que se encontraba Tabacalera, sendo Altadis a beneficiaria da privatización.

A Fábrica de Tabacos contou, desde os seus inicios e durante máis de cen anos, cun cadro de persoal case exclusivamente feminino. A razón era exclusivamente económica –os menores salarios pagados ás mulleres– aínda que a xustificación que daba o monarca cando aprobaba o regulamento da fábrica xustificase esta decisión na mellor adecuación do traballo ás mans femininas.

- *El Rey: deseoso de elevar la renta del tabaco al grado de prosperidad y de aumento de que se es capaz (...), he recomendado el mayor esmero en las labores que se ejecuten en mis reales fábricas de cigarros de la península. Pero como sin que estas se arreglen y uniformen como es debido no será posible darlas la extensión y solidez de que son capaces, (...) [si no] ocupando en ellas sólo las manos delicadas de las mujeres, que no usurpa las de los hombres a la agricultura y otros ramos que exigen robustez y fortaleza.*

FERNANDO VII. *Real Decreto*. 19-12-1817.

Os comezos da fábrica non deberon resultar especialmente atractivos para as traballadoras coruñesas e dos seus arredores; a novidade e dureza do traballo e a situación da fábrica, bastante afastada da cidade, desanimaron a moitas mulleres a solicitar traballo na nova factoría. O futuro da Palloza non parecía nada prometedor nos seus primeiros anos de actividade.

- *Habrá sobre 380 operarias [11-7-1808].*

En cuanto a operarias no sé que le diga; pues como está la fábrica tan desproporcionada de lejos, el camino todo orilla del mar, descampado, unos vientos nordestes que le hacen a uno andar con el cuerpo doblado. Los inviernos de mucha agua y largos entiendo que no irán 100 operarias a trabajar (...). Se han borrado más de 120; y por muchas que vengan y se reciban, no habrá nunca en esta fábrica 400 operarias. Y encomenzando a venir barcos, menos: la una porque tiene padre, hermano o marido a quien servir y no las dejarán venir (...). Sin embargo, son muy desenvueltas; tratan en todo y trabajan en todo, y no están sujetas; y a ganar cuatro cuartos y un ochavo por un manajo de cigarros; que más vale ir y matarse en la mar, a desembarcar sal, sardinas, pescado o coger marisco y vender por las calles que estar allí.

Felipe PAMPILLÓN [mestre de labores]. *Correspondencia familiar*. 20-8-1808.

Porén, as previsións non se cumpriron e na Palloza chegaron a traballar 4.000 mulleres a mediados do século XIX, unha cifra non superada por ningunha outra fábrica da época en Galicia.



- *Es un establecimiento muy extenso que comprende varios edificios siendo los principales, conocidos por Fábrica Vieja uno y por Fábrica Nueva el otro; los dos tienen taller, oreo y almacén muy capaces; el local suficiente para las operarias necesarias. Los otros edificios son almacenes. (...) En ella tienen ocupación 4.000 operarias.*

Antonio COUMES-GAY. *Guía de la Coruña*. 1877:41.

- *Actualmente se halla distribuido el personal de talleres en los siete de que se compone la fábrica y son: 1º Cigarros especiales sistema "farias", 205 operarias. 2º Cigarros comunes fuertes, 1.620 operarias. 3º Cigarrillos finos, 360 operarias. 4º Cigarrillos entrefinos, 540 operarias. 5º Cigarrillos fuertes, 810 operarias. 6º Desvenados, 190 operarias. 7º Embotados o de cajetillas, 48 operarias embotadoras y 12 faroleras. Total, 3.823 mujeres (...)*

Para el gobierno de estos talleres y su mínimum, hay 32 maestras, que con las dos porterías y las cuatro del registro, hacen un total de 38.

Ramón FAGINAS ARCUAZ. *Guía-indicador de la Coruña y de Galicia para 1890*. 1890:193.

A medida que o traballo manual foi sendo substituído polas máquinas, as mulleres foron cedendo postos de traballo aos homes até ir equilibrando o número de traballadores dun e outro sexo, situación na que se atopaba a fábrica en vésperas do seu peche. As mulleres realizaban os variados labores que ían desde o desveado das follas de tabaco até a elaboración de cigarros e pitos de variada factura, tamaño e composición. Unha característica da Palloza é que, practicamente desde os seus inicios e até 1989 en que deixaron de elaborarse as populares *farias*, sempre se realizaron as dúas modalidades básicas do tabaco fumado: os cigarros e os pitos. As tarefas de desveado da folla do tabaco eran realizadas case sempre polas cigarreiras máis vellas, aquelas que perderan habilidade nas mans ou vista nos ollos para realizar labores de maior precisión. Hai que ter en conta que até que non conseguiron o dereito de xubilación de 1936, as cigarreiras permanecían na fábrica até a fin das súas forzas físicas. A Compañía Arrendataria de Tabacos permitía que esas mulleres vellas pasasen a poder gañar unas pesetas nesos talleres de desveado, unha especie de retiro que lles permitía seguir achegando un salario á economía familiar. As restantes cigarreiras realizaban o seu traballo agrupadas arredor de longas mesas –*ranchos*– vixiadas polas mestras de labores. A descrición das condicións do traballo na Palloza de finais do século XIX foi maxistralmente plasmada por Emilia Pardo Bazán na súa novela *La Tribuna*.

- *Si los pitillos eran el Paraíso y los cigarros comunes el Purgatorio, la analogía continuaba en los talleres bajos, que merecían el nombre de Infierno. Es verdad que abajo estaban las largas salas del oro, y sus simétricos y pulcros estantes; el despacho del jefe y el cuadro de las armas de España trabajadas con cigarros, orgullo de la fábrica; los almacenes, las oficinas; pero también el lóbrego taller del desvenado y el espantoso taller de la picadura.*

En el taller del desvenado daba frío ver, agazapadas sobre las negras baldosas y bajo sombría bóveda, sostenida por arcos de mampostería, y algo semejante a una cripta sepulcral, muchas mujeres, viejas la mayor parte, hundidas hasta la cintura en montones de hoja de tabaco, que revolvían con sus manos trémulas, separando la vena de la hoja. Otras empujaban enormes panes de prensado, del tamaño y forma de una rueda de molino, arimándolos a la pared para que esperasen el turno de ser escogidos y desvenados. La atmósfera era a la vez espesa y glacial.

Emilia PARDO BAZÁN. *La Tribuna*. 1882. Cap.XXI.

As cigarreiras, como a maioría das traballadoras das fábricas até 1936, cobraban por obra feita. Ademais, e até que non se estableceu a xornada máxima das oito horas, o seu horario permitía unha flexibilidade á hora da entrada e saída da fábrica que lles permitía atender tamén os labores do fogar. Por outra parte, como o seu salario non era fixo, podían as cigarreiras, especialmente as solteiras, dispor de cantidades que non entregaban e que investían nelas mesmas (vestidos, zapatos e complementos); esta situación, xunto coa de traballar nunha empresa de participación estatal e dun monopolio que proporcionaba altos beneficios que garantían a continuidade da factoría, fixo da cigarreira unha obreira identificable polo seu aspecto exterior e contribuíu a crear a imaxe das cigarreiras como a *aristocracia* das obreiras.

- Otra causa para que Amparo se reconciliase del todo con la fábrica fue el hallarse en cierto modo emancipada y fuera de la patria potestad desde su ingreso. Es verdad que daba a sus padres algo de las ganancias, pero reservándose buena parte; y como la labor era a destajo, en las yemas de los dedos tenía el medio de acrecentar sus rentas, sin que nadie pudiese averiguar si cobraba ocho o cobraba diez. Desde el día de su entrada vestía el traje clásico de las cigarreras; el mantón, el pañuelo de seda para las solemnidades, la falda de percal planchada y de cola.*

Emilia PARDO BAZÁN. *La Tribuna*. 1882. Cap.VI.

- No estuvo afortunado un apreciable diario local al censurar el hecho de que las operarias de la Fábrica de Tabacos trabajen hasta las nueve de la noche, creyendo el colega equivocadamente, y con indudable buena fe, que aquellas simpáticas y laboriosas mujeres habían de agradecerse. (...)*

No hay que olvidar que trabajan a destajo, que, por consiguiente, cuanto más trabajan más ganan, más cobran a fin de mes, más llevan al necesitado hogar, para sostenerlo, para alimentar y vestir a la prole, que no suele ser pequeña en la casa del pobre. (...)

Toca la campana a las seis y media, y desde esa hora puede pedir registro la operaria que necesite salir temprano. Y sucede precisamente que son las cigarreras de las aldeas (...) las que más aprovechan los minutos y salen de noche, sin miedo a nada y con el gusto de haber ganado unos reales más que cuando las despedían con sol. Eran ayer quizá las que con más ímpetu sentían el enojo producido por la pretensión de que se les acorte la jornada.

La Voz de Galicia, 27-10-1899.

Desde o regulamento inicial da Fábrica de Tabacos figuraba un privilexio para as cigarreiras: que as súas fillas tiñan o dereito de ser as primeiras en entrar a traballar na fábrica cando se producise unha baixa ou se ampliase o cadro de persoal; no caso de haber máis candidatas que postos a cubrir, elixíanse ao chou. En varios momentos os tabaqueiros protestaron desta medida esixindo un trato similar para as súas fillas e fillos, pero non o conseguiron. Esta prerrogativa estivo vixente durante toda a vida da fábrica.



Taller de desveado da folla na Palloza, ca. 192? [AFFT].

- *Eugenio Ponte Rodríguez, de 25 anos (...) enterado de que en la fábrica de su digna Dirección existen vacantes de mozo, y dándose la circunstancia de que la ascendencia del exponente fueron operarias, a saber, su tatarabuela Petra Berdín y Marzoa; bisabuela Leopoldina Vilariño Berdín; abuela Rosa Candal Souto; y su madre operaria en la actualidad, Marina Rodríguez Candal, es por lo que a V.S. Suplica que en atención a las circunstancias que en el dicente concurren, ya que considera esa Fábrica como parte integrante del hogar, se digne concederle una de las mencionadas plazas.*

ARG. Fábrica de Tabacos. Correspondencia de entrada. 27-10-1950.

- *Sorteaban a las hijas de las cigarreras. Tenían que tener quince años. Me presenté y entré con un grupo de sesenta (...). Maruja las hacía tan perfectas [as "farias"] que casi no se notaban las liaduras (...). Matilde era también muy buena operaria. En una jornada se podían hacer catorce mazos de veinte "farias" cada uno.*

Declaración dunha cigarreira. *La Voz de Galicia*, 12-2-1989.

Se de case todos os colectivos de traballadores se pode dicir que practicaron a solidariedade cos compañeiros que atravesaban malos momentos, tanto do propio gremio coma doutros da cidade ou de fóra dela, sen lugar a dúbidas que esta característica se dá entre as cigarreiras de modo claro e rotundo. As cigarreiras coruñesas mostráronse sempre especialmente xenerosas e solidarias, tanto entre elas coas compañeiras en dificultades como cos restantes traballadores [A.Romero Masiá, 2001]. Isto non impedía que dentro da fábrica fosen frecuentes os enfrontamentos e as liortas. Pardo Bazán advertiuno perfectamente mentres tomaba notas para a redacción da súa novela *La Tribuna: ¿Sabe usted lo que es esa fábrica? Una masonería de mujeres, que, aunque hoy se arranquen el moño, mañana se ayudan todas como una legión de diablos*. Os conflitos entre cigarreiras no interior da fábrica tiñan moitas veces a súa orixe no comportamento das mestras de labores, mestras de taller e porteiras, que exercían moitas veces o seu cargo de modo abusivo; ademais, durante decenas de anos controlaron pequenos negocios de compravenda de produtos a fiado dentro da fábrica, a pesar de estar prohibidos expresamente no regulamento. Na prensa obreira de comezos do século XX son moi frecuentes queixas contra esta situación [*Germinal*, 12, 26-11-1904; 24-12-1904; 10-6-1905].



Taller de elaboración de cigarros na Palloza, ca. 192? [AFFT].